



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2017/10
PLENO LUNS 18 DE DECEMBRO DE 2017

ACTA Nº 2017/10

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

LUNS 18 DE DECEMBRO DE 2017 -



ACTA Nº 2017/10

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO PÉREZ FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG

JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

MARTA GARCIA SÁNCHEZ

ALVARO XESÚS GARCIA FREIRE

PP

OSCAR VÁZQUEZ CORRAL

JESUS GOMEZ GARCIA

JOSE DAVID PINTOR PAZO

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

MARÍA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

AUSENCIAS:

SECRETARIO:

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DESTE
CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O LUNS
18 DE DECEMBRO DE 2017 -**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao

tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Control dos actos dos órganos de goberno (XGL e alcaldía)
- 3.- Aprobación, no seu caso, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS-2018"
- 4.- Mocións
- 5.- Rogos e preguntas.

Antes de iniciarse a sesión o alcalde do concello explica que este pleno íase convocar para o pasado xoves 14 de decembro, que é cando correspondía, pero dada a premura de tempo para elaborar o Plan de obras e servizos de 2018, non se dou preparado a documentación a tempo. Por outra banda a documentación ten que estar subida á plataforma o día 20. Ademais tivemos problemas con internet o xoves, día 14 (é un dos peores da provincia) que nos impediron realizar a convocatoria para o luns con 48 horas de antelación. Por iso convocouse o venres, con menos de 48 horas pois o sábado non é hábil, pero con carácter de ordinario, como estaba previsto. Pregunta ao BNG a súa opinión sobre o carácter ordinario ou extraordinario deste pleno.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire aclara que estas cousas resólvense sen maior problema falando, que unha chamada de teléfono o venres xa



chegaría, que nun concello como este non hai por que ter moitos dos conflitos que hai. Nós non temos ningún problema sempre que se nos permita presentar mocións e facer rogos e preguntas. E procurar avisar con máis tempo as cousas. Se se avisa o martes de que o xoves non pode haber o pleno que tocaba, pois xa temos pedido o permiso o que para nós é un problema importante para dúas persoas.

Continúa o mesmo concelleiro indicando que a documentación para o pleno estaba incompleta e insuficiente para coñecer as obras do POS e o ordenador que me deixaches á mañá para velas non tiña impresora

Tras un breve debate e por unanimidade dos asistentes, que é a totalidade dos membros da corporación, ratifícase a convocatoria urxente da sesión e que a mesma substitúa á convocatoria ordinaria que correspondería a este mes, tratándose a totalidade dos asuntos incluídos na convocatoria.

1.- Aprobación de actas anteriores (07' 34")

A continuación dáse conta de que a acta 07/17 do pleno ordinario do 19 de outubro, a cal é aprobada sen ningunha anotación á súa redacción nin contido, por unanimidade dos asistentes.

A continuación dáse conta das sesións do pleno extraordinarias 08 e 09 de 2017, dos días 30-10-2017 e 15-11-2017, as cales son aprobadas sen ningunha anotación á súa redacción nin contido, por unanimidade dos asistentes.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (08' 57")

A continuación dáse conta da entrega dos borradores das actas da Xunta de goberno local ata a número 24/2017, agás a 21/2017 que, por erro, aínda se entregou hoxe. Non hai ningún comentario ás mesmas.

Faise constar que as actas da Xunta de Goberno local inclúen os decretos asinados no período correspondente.

3.- Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS-2018". (10' 18")

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta da proposta da equipa de goberno do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS-2018". O alcalde comenta que se ten que subir á plataforma antes das 14 horas do día 20 de decembro, o que valora positivamente pois entende que adiantando os prazos deste xeito respecto ao exercicio anterior, haberá máis prazo para adxudicar o que causou problemas no ano anterior.



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2017/10
PLENO LUNS 18 DE DECEMBRO DE 2017

A continuación comenta que neste plan hai maior liberdade de elección para os concellos e critica que, na súa opinión as cantidades que corresponden ao noso concello son inferiores.

A continuación desglosa as cantidades da proposta, destacando que este ano non se solicita nin pago a provedores, nin préstamo provincial, propondo a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”, aclarando que este último non se solicita:

A) Financiamento do pago a provedores:

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|---|-------------|-------------|-------|
| Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores | | | |
| Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores | | | |
| Subtotal pago a provedores | | | |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|---|------------|
| Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018 | 109.847,92 |
| Subtotal gasto corrente | |

C) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2018 | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|----------|-----------------|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Pavimentación con MBC rede de pluviais na calzada do camiño de acceso ao Igrexario de Présaras dende a estrada provincial | 32.600,00 | | 32.600,00 |
| | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2018 | 32.600,00 | | 32.600,00 |

| ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”) | | Financiamento do investimento | | |
|--|-------------------|-------------------------------|----------|-----------------|
| Denominación da obra ou subministración | Grupo de programa | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Rehabilitación estrutural firme de calzada camiños Barbeito, Présaras, San Vincenzo e Vilariño | Pr-453 Ec-619.00 | 71.819,23 | 0,01 | 71.819,24 |
| Afirmado de sobreanchos e reforzo de firme de calzada con MBC nun tramo camiño da Torre a Follente | Pr-453 Ec-619.00 | 76.916,00 | | 76.916,00 |



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2017/10
PLENO LUNS 18 DE DECEMBRO DE 2017

| | | | | |
|---|--|------------|------|------------|
| | | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2017 | | 148.735,23 | 0,01 | 148.735,24 |

| PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018 | Financiamento do investimento | | |
|---|-------------------------------|-----------------|-----------------|
| Denominación da obra ou subministración | Préstamo Deputación | Achega Concello | Orzamento total |
| Subtotal investimentos préstamo provincial 2018 | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

| Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018) | Deputación |
|---|-----------------|
| Elaboración proxectos POS 2018 | 9.147,60 |
| Subtotal redacción proxectos | 9.147,60 |

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

| Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018 | Deputación |
|--|------------|
| Subtotal achega municipal 2018 | |

| Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017 | Deputación |
|---|-------------------|
| Denominación | Grupo de programa |
| Subtotal achega municipal 2017 | |

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira | Número/código do préstamo | Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda |
|--|---------------------------|---|
| Subtotal redución de débeda con entidades financeiras | | |

G) Resumo:

| SUBTOTALS | | Deputación | Concello | Total |
|-----------------------------|--------------------|------------|----------|------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2017 | | | |
| | Achega 2018 | | | |
| B- GASTOS CORRENTES | Achega 2018 | 109.847,92 | | 109.847,92 |
| | Achega 2018 | 32.600 | | 32.600 |



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2017/10
PLENO LUNS 18 DE DECEMBRO DE 2017

| | | | | |
|--------------------------------|--------------------|------------|------|------------|
| C- INVESTIMENTOS | Achega 2017 | 148.735,23 | 0,01 | 148.735,24 |
| | Préstamo 2018 | | | |
| D- HONORARIOS REDACCIÓN | Achega 2018 | 9.147,60 | | 9.147,60 |
| E- ACHEGAS MUNICIPAIS | Achega 2018 | | | |
| | Achega 2017 | | | |
| F- REDUCCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2018 | | | |
| TOTAL | Achega 2018 | 151.595,52 | | 151.595,52 |
| | Achega 2017 | 148.735,23 | 0,01 | 148.735,24 |
| | Préstamo 2018 | | | |
| | TOTAL | 300.330,75 | | 300.330,76 |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado) | Grupo de programa | Orzamento |
|---|-------------------|------------|
| Rehabilitación estrutural firme de calzada acceso núcleos Liñares, A Fortaleza e O Vento | Pr-453 Ec-619.00 | 72.195,00 |
| Rehabilitación superficial firme de calzada camiños Mezonzo e San Vicenzo | Pr-453 Ec-619.00 | 86,686,00 |
| TOTAIS | | 158.881,00 |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A continuación describe as obras que se solicitan, así como as cantidades que corresponden para gastos correntes e honorarios de redacción de proxectos (dentro da achega 2018).

A continuación (27'05”) intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire quen se queixa de que cando viñeron ver a documentación deste punto do pleno non estaba toda a documentación, coa que había non podíamos saber como eran as obras en concreto. Esperamos que se nos dea esta información. O alcalde preguntalle se lle valería a USB que lle pasou antes contestando Álvaro García Freire que si que tampouco pide todo o proxecto (que está na USB) pero que se llo dá mellor, acordándose facelo así.

Finalmente indica que eles o que queren é que se lles dea información e se lles avise dos problemas que poida haber. Que neste momento hai dous compañeiros seus que non puideron estudar a documentación e, por tanto, vanse abster.

Transcorridos (29'10”) sométese a proposta a votación, resultando aprobada por 6 votos a favor (PP) e 3 abstencións (BNG).

4.- Mocións. (29' 23”)

Non se teñen presentado mocións por escrito

A continuación o grupo municipal do BNG presenta dúas mocións de urxencia, sobre ataques vandálicos que está a haber no concello e sobre a AP-9.

Tras un breve debate sobre o seu contido e por unanimidade dos asistentes, apréciase a urxencia de ambas mocións e acórdase proceder ao seu estudio.

A.- Moción sobre actos vandálicos. (30' 12”)

Le a moción, que se achega como anexo I á presente acta, José Antonio Cotos Seoane, portavoz do BNG,

Os acordos que se propón son:

- 1) *Apoiar aos veciños e ás veciñas afectados mediante o acordo unánime desta corporación.*
- 2) *Trasladar á Delegación do goberno a necesidade de reforzar a seguridade no rural de xeito inmediato.*



- 3) *Elaborar un plan de seguridade ou, en caso de existir, dalo a coñecer á veciñanza e que permita actuar con prontitude e garantías para que estes feitos non volvan a ocorrer*

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández amosa o acordo do seu grupo, describindo algúns casos dos que el tamén coñecemento (en especial un roubo nun xardín e máis nun coche dos cazadores e outros actos vandálicos na zona dos Currás) e as conversacións que sobre o mesmo tivo coa garda civil.

Tras un breve debate acórdase aclarar a redacción no punto 3, de forma que en vez de “Elaborar”, diga: “*Que polo organismo competente se elabore...*”

Continúa o debate con críticas por parte dos dous grupos á redución da presenza da garda civil no rural e, en concreto, a de Curtis ou Boimorto, que xa non está a partir das dúas da tarde.

Finalmente, e transcorridos (41'25") sométese a votación a moción, coa aclaración mencionada, a cal resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.

B.- Moción sobre peaxe na AP-9. (41' 37")

Le a moción, que se achega como anexo II á presente acta, José Antonio Cotos Seoane, portavoz do BNG,

Os acordos que se propón son:

- 1) *Manifestar o rexeitamento da suba das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.*
- 2) *Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do parlamento galego e demande do goberno do estado*
-a transferencia da AP-9 á administración galega.
- a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.
- 3) *Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do parlamento de Galiza, presidente da Xunta de Galiza e presidente do goberno do estado.*

A continuación toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández que amosa o seu acordo cos puntos 1 e 2, matizando neste último punto que entende que a Xunta de Galicia cumpre os acordos do parlamento, preguntando ao BNG cal non cumpriu, contestando o concelleiro do BNG Álvaro García Freire que si, pois non se está insistindo na transferencia da AP-9, ante o que o alcalde contesta á súa vez, que si que cumpriu o acordo de trasladalo, quen non cumpriu o que se pedía foi o estado. No resto amosa o seu total acordo.

Finalmente, e transcorridos (47'05") sométese a votación a moción a cal resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.



4.- Rogos e preguntas. (49' 23'')

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Álvaro García Freire roga que entre a documentación que se ha de presentar para a bonificación do IBI non se faga dicir aos pensionistas que as construcións se adican, cando debería de dicir que se adicaban, senón mesmo poderían perder a pensión. O alcalde amosa o seu acordo.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane, comenta que pola parte de abaixo da súa casa está habendo moitos accidentes por mor de non estar ben a estrada N-540, contestando, en resume, o alcalde Fernando Pérez Fernández que xa o comunicou e deramos unha solución que implica romper a estrada e facelo ben, que non admitiron senón que adoptaron outra solución. Volveremos a falar con eles.

A continuación o o alcalde Fernando Pérez Fernández pregunta ao concelleiro do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane, sobre as árbores dun camiño de Raposeiras denunciados por un veciño e que hoxe se están podando e se sabe de quen son esas árbores, contestando este, que vive cerca, que non sabe

Sendo as 13h e 57 minutos e transcorridos 54' 35" dende o inicio e non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 29 de decembro de 2017

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela
Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández



MOCIÓN CONTRA OS ATAQUES VANDÁLICOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde hai un tempo estase a producir no concello ataques vandálicos a propiedades privadas, pintadas, obturacións de pechaduras, inundacións de casas etc. Todos estes feitos provocan un grande malestar e unha sensación de impotencia e inseguridade tanto na veciñanza afectada como aquela outra da súa contorna.

Xa non é a primeira vez que se producen actos vandálicos como pequenos roubos e outros. Desde as institucións é necesario amosar a nosa solidariedade coas persoas afectadas e traballar na busca de solucións axeitadas para que estes actos non se volvan producir.

Co obxectivo de garantir para toda a veciñanza a seguridade sobre as persoas e sobre as súas propiedades, a Corporación municipal do Concello de Vilasantar

Acorda:

1. Apoiar ás veciñas e veciños afectados trasladándolle o acordo unánime desta corporación.
2. Trasladarlle á Delegación do Goberno a necesidade de reforzar a seguridade no rural de xeito inmediato.
3. Elaborar un plan de seguridade, ou en caso de existir, dalo a coñecer á veciñanza, que permita actuar con prontitude e con garantías para que estes feitos non volvan ocorrer.

Vilasantar a 18 de decembro de 2017

O Grupo Municipal do BNG

ALCALDE. CONCELLO DE VILASATAR.



GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE VILASANTAR

MOCIÓN CONTRA A SUBIDA DE PEAXES NA AP-9

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Estado, a través do Ministerio de Fomento, acaba de autorizar a Audasa unha subida extraordinaria durante os próximos 3 anos do 3,1% para todos os tramos da AP-9, e que vén representar o dobre do IPC.

A privatización da AP-9 no 2003 está a significar grandes incrementos das peaxes nunha infraestrutura que está en mans dun fondo especulativo norteamericano e que goza dunha concesión ampliada até o ano 2048 baixo o Goberno do PP presidido Aznar. Unha explotación que outorga grandes beneficios económicos por unha infraestrutura xa amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria. Beneficios que nin sequera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e reduciuse drasticamente o persoal das cabinas de pago. Rexistra colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo.

O BNG leva demandando desde fai anos que se tomen medidas para que a AP-9 sexa unha vía de comunicación galega, de competencia do Goberno galego, e de acceso gratuito para todas as galegas e galegos. Nomeadamente, o BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, a súa transferencia á Xunta de Galiza e que se suprimisen as peaxes.

A AP-9 abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas, mais depende do Goberno do Estado que mantén peaxes desorbitadas para as persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galiza deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É precisa a supresión das peaxes, melloras na autoestrada, que remate a explotación privada da AP-9 e se converta nunha autoestrada pública e gratuita de titularidade galega.

O ano pasado, o Parlamento de Galiza, por unanimidade das forzas políticas, aprobou a 'Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza', que foi remitida ao Congreso para a súa tramitación e aprobación final.

O Bloque Nacionalista Galego aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas, os incrementos constantes e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias da AP-9.

Tamén, en febreiro deste ano, aprobouse unha iniciativa do BNG polo que o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.



Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. **Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.**
2. **Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:**
 - **A transferencia da AP-9 á administración galega.**
 - **A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.**
3. **Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.**

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego